



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE FABRICANTES DE CONSERVAS DE PEIXES E MARISCOS (ANFACO-CECOPECA) PARA A PROMOCIÓN E A MELLORA DA COMERCIALIZACIÓN DAS CONSERVAS DE PRODUTOS PESQUEIROS NO ANO 2020

En Santiago de Compostela, o día **20 DEC. 2019**, na sede da Consellería do Mar,

REUNIDOS

Dunha parte, Dona Mercedes Rodríguez Moreda, en calidade de directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, actuando en nome e representación da Consellería do Mar, por delegación da conselleira, en virtude das facultades delegadas que lle confire a ORDE do 8 de setembro de 2017, da mesma consellería, publicada no DOG Núm. 180, 21 de setembro.

E doutra, D. Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa, con DNI n.º 35.991.928-X, en representación da Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados y Mariscos – Centro Técnico Nacional de Conservación de Productos de la Pesca (en adiante ANFACO-CECOPECA), coas facultades recoñecidas na escritura de apoderamento de data 30/07/2009, outorgado ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia, D. José Pedro Riol López e co n.º de protocolo 1992.

EXPOÑEN

PRIMEIRO:

Que a actividade pesqueira, marisqueira e acuícola é un dos principais motores da economía galega que sitúa a Galicia, pola riqueza da súa produción, como a primeira das comunidades pesqueiras da Unión Europea.





SEGUNDO:

Que o Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúe dentro das materias correspondentes á competencia da Comunidade Autónoma as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, aos mercados, á comercialización, á manipulación, á transformación e á conservación dos produtos pesqueiros e a promoción das estruturas de comercialización mediante o apoio aos sectores produtivos na distribución dos produtos do mar.

Neste sentido a Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade.

TERCEIRO:

Que a ANFACO-CECOPECA, asociación representativa, sen ánimo de lucro, da práctica totalidade do sector conserveiro dos produtos pesqueiros, conta entre os seus fins a realización de todas aquelas accións encamiñadas á promoción dos produtos derivados da pesca, o marisqueo e a acuicultura. Sendo a única asociación do sector conserveiro, capacitada para executar o investimento inmaterial obxecto deste convenio de colaboración, polo que non sería posible promover a concorrência competitiva con outras asociacións do sector.

Que por canto a Consellería do Mar e ANFACO-CECOPECA están interesados na potenciación do sector da conservación e transformación dos produtos pesqueiros en Galicia, así como na mellora da situación socioeconómica das xentes que viven desta industria, polo que cómpre establecer as condicións que permitan a coordinación de accións de promoción das conservas de produtos pesqueiros.

Que no marco do presente convenio desenvolveranse diversas accións de promoción do sector e mellora da comercialización: xornadas sobre claves de futuro para o sector, demostracións de cociña, promoción das conservas de peixe e marisco, participación en feiras, análise de mercados obxectivo, guía para o cálculo da pegada de carbono, estudos de mercado consolidación da oficina de transformación dixital, elaboración de material audiovisual, promoción do valor patrimonial e histórico das conservas, entre outras.





CUARTO:

Que as partes anteriormente referenciadas consideran de mutuo interese a realización dunha serie de accións que redunden nunha mellora do sector conserveiro e das industrias relacionadas en materias tales como comercialización, promoción e fomento do consumo de produtos transformados.

QUINTO:

Que para o desenvolvemento das actividades que se indican máis adiante, as partes, de forma conxunta, dispoñen de medios humanos e materiais suficientes.

Na súa virtude, e dada a existencia dun interese coincidente, ambas partes acordan formalizar o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO.

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración entre a Consellería do Mar e ANFACO-CECOPESCA para a coordinación de accións de promoción das conservas de produtos pesqueiros e a mellora da súa comercialización. As accións específicas que se van realizar derivadas deste obxecto son as que seguen:

1. XORNADAS SOBRE CLAVES DE FUTURO PARA O SECTOR

O sector industrial transformador e conserveiro de produtos da pesca e da acuicultura de Galicia enfróntase a maiores esixencias empresariais, que deben ser atendidas para lograr o seu crecemento e expansión.

Polo tanto, considérase adecuado levar a cabo polo menos 4 xornadas, no marco dalgunha das seguintes temáticas: comercio e internacionalización, sustentabilidade, competitividade, seguridade e calidade alimentaria e innovación.

2. DEMOSTRACIÓNS DE COCIÑA, CLASES MAXISTRAIS E DEGUSTACIÓNS

Os produtos do mar son un elemento esencial dunha dieta equilibrada. As conservas de peixe e marisco contribúen a cubrir unha gran parte das necesidades diarias de proteínas e vitaminas dos consumidores. Obsérvase moitas veces un descoñecemento do consumidor no relativo a forma de preparación, cociñado, presentación e consumo destes produtos.





Deste xeito, considérase cada vez máis importante ensinar aos consumidores a forma de elaborar e presentar pratos con estes produtos do mar, fomentando así un maior consumo.

Por iso, solicitamos organizar polo menos 6 demostracións de cociña / clases maxistras / degustacións con conservas de peixe e marisco para demostrar a súa versatilidade e papel na cociña e na gastronomía actual.

O público obxectivo desta acción serían os cocifeiros, tanto do fogar como da restauración, e os consumidores en xeral. A idea é ofrecerlles propostas e receitas de elaboración e presentación con conservas de peixe e marisco.

3. PROMOCIÓN DAS CONSERVAS DE PEIXE E MARISCO (FOODTRUCK E/OU OUTRAS ACCIÓN)

Para o fomento do consumo xeral de conservas de peixe e marisco é vital a realización de accións de promocións onde o consumidor sexa o destinatario principal co obxectivo de fomentar a inclusión destes produtos na súa dieta.

Para isto, desenvolveranse diversas accións que utilizarán soportes creativos e próximos á poboación, acompañándose das actuais tendencias. Por exemplo, utilizando o foodtruck "Cata la Lata" como medio rápido de acercarse ó consumo na rúa en diversos contextos (como poderían ser o Camiño de Santiago, eventos gastronómicos, deportivos etc.); ou mediante outras accións concretas relacionadas con temas de actualidade que aporten valor engadido e diferenciación á conserva: sustentabilidade, gastronomía, etc.

O obxectivo é fomentar o consumo destes produtos, a través de degustacións dos mesmos e o reparto de material de difusión e de promoción, en diferentes contornas de interese xeral ou de actualidade.

4. PROMOCIÓN DAS CONSERVAS E PRODUTOS DO MAR NO MARCO DE DÚAS FEIRAS DE CARÁCTER ESTRATÉXICO E INTERNACIONAL

No ano 2020, no marco da prospección de mercados, está previsto a participación en diferentes feiras de carácter internacional, como a feira Alimentaria, que se celebra do 20 ó 23 de abril de 2020, e a feira SIAL, que ten lugar en París do 18-22 de outubro de 2020. Ambas feiras son estratéxicas para o sector industrial transformador de conservas de peixe e marisco.





Polo tanto, aproveitando ditos eventos, propónse a realización dunha presentación / degustación dos produtos do mar de Galicia coincidindo coa celebración destas feiras. Invítarase ademais das empresas produtoras, a clientes, importadores, distribuidores e organismos e institucións, sendo un punto de encontro e intercambio. No caso da feira SIAL valorarase, en función da dispoñibilidade, a celebración do evento o día previo ó inicio da feira na Embaixada de España en París.

Asemade, co motivo da participación en SIAL París, realizarase unha prospección do mercado francés, visitando diferentes puntos de venda para a análise da oferta de produtos da pesca e da acuicultura.

5. ANÁLISE E PROSPECCIÓN DE MERCADOS OBXETIVO (ASIA E AMÉRICA)

O mercado americano e asiático son dous dos principais mercados obxectivo para a industria de conservas e transformados de peixe e marisco. Co fin de fomentar e promover as exportacións da citada industria nestes mercados, propónse a realización de accións de promoción, prospección e/ou formación. No ámbito asiático, poderíamos citar China, mentres que no caso americano citamos Brasil e/ou N. York.

6. PLAN PARA A CREACIÓN DE VALOR COMPARTIDO NO SECTOR REPRESENTADO POR ANFACO-CECOPECA

Realizarase un diagnóstico e Plan Director sectorial que sitúe a ANFACO-CECOPECA e as súas empresas asociadas como organizacións creadoras de Valor Compartido, incluíndo a súa alíñación cos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Incluirá unha memoria de Valor Compartido 2020, unha ferramenta de medición do impacto e unha divulgación sobre a xeración de Valor Compartido ás empresas.

Así, se espera unha mellora na relación das empresas coa súa contorna, reforzando a súa reputación e compromiso e situándose como entidades pioneiras que transforman o seu ámbito sectorial.

7. GUÍA PARA EL CÁLCULO, CERTIFICACIÓN E COMUNICACIÓN DA PEGADA DE CARBONO

Co obxectivo de sensibilizar ás empresas do sector sobre as vantaxes de ter e demostrar un compromiso ambiental, se levará a cabo a elaboración dunha Guía de recomendacións para a cuantificación, certificación e comunicación da pegada de carbono na industria de elaboración de conservas de produtos da pesca e a acuicultura, facendo un especial fincapé nas metodoloxías de



cálculo da pegada de carbono e a identificación das etapas, fases e operacións nas que sexa posible o desenvolvemento de accións de mellora.

8. ESTUDIO SOBRE O MERCADO DAS CONSERVAS DE PEIXE EN CHINA: A IMPORTANCIA DO ATÚN

China produce máis dun terzo do peixe consumido no mundo. Ó mesmo tempo o seu sector pesqueiro, acuícola e transformador experimentou un crecemento espectacular nas últimas décadas, converténdose nun importante operador no mercado mundial destes produtos. Respecto ó comercio exterior, China é o terceiro importador mundial de produtos acuáticos. China sitúase tamén como un mercado estratéxico para a exportación de peixe e marisco debido a puxanza da súa clase media, ás cifras absolutas de consumo e a súa crecente demanda de peixes de importación polo forte interese nunha dieta máis diversificada e nutritiva.

Nesta contorna propónse a realización dun estudio sobre o mercado das conservas de peixe en China, destacando a importancia do atún. Neste estudio, delimitarase o sector chinés de produtos da pesca e a importancia de China a nivel mundial, con especial referencia ó atún. Esta análise comprenderá a situación actual, evolución e perspectivas futuras. Tamén se realizará unha análise da oferta, prestando especial atención ás fontes de abastecemento de materia prima, á frota chinesa, o desenvolvemento da industria de procesado de atún e o destino dos seus produtos, en especial no mercado da UE. O análise do marco regulador será tamén un aspecto clave do estudio.

9. CONSOLIDACIÓN DA OFICINA DE TRANSFORMACIÓN DIXITAL

O proceso de dixitalización está a cambiar a nosa vida cotiá, os nosos hábitos de consumo e a forma en que fabricamos, traballamos e comunicámonos. Esta transformación dixital vai máis aló do uso de novas tecnoloxías, repercutindo directamente nos modelos de negocio das empresas, converténdose nun activo fundamental e nunha panca crave para potenciar a súa competitividade. Tal é a magnitude destes cambios a nivel mundial, que deu lugar ao xurdimento da denominada “Nova Economía” ou “Economía Dixital”, unha economía baseada na tecnoloxía dixital.

Os retos asociados á dixitalización afectan a empresas de todos os tamaños, territorios e sectores; pero especialmente ós sectores tradicionais como o sector transformador de produtos do mar, ó que pertencen unha gran parte de Pemes. A dixitalización permite que as Pemes se adapten ós clientes, e facilita grandes oportunidades de crecemento, beneficio e internacionalización. A dixitalización non é un reto tecnolóxico, senón que son as persoas as que impulsan a transformación dixital.





Para axudar ás empresas do sector transformador de produtos do mar neste proceso, ANFACO-CECOPESCA impulsou no ano 2019 a creación dunha Oficina de Transformación Dixital. Baixo o paraugas da OTD, púxose en marcha un Plan de Dinamización Dixital con dúas liñas de actuación: por unha banda, actuacións de difusión e sensibilización, orientadas a facilitar ás empresas o coñecemento sobre os principais habilitadores dixitais e a súa aplicabilidade na industria; e, por outra banda, actuacións de apoio e consultaría, dirixidas a prestar asesoramento especializado sobre as solucións e metodoloxías TIC máis adecuadas para optimizar os seus procesos, mellorar a xestión empresarial e favorecer a formación en competencias dixitais.

Por iso, tendo en conta as vantaxes e beneficios que ofrece a dixitalización para as empresas, unido ós retos e dificultades que supón o abordar un proceso integral de transformación dixital e o coñecemento adquirido pola OTD ANFACO- CECOPESCA desde a súa creación e posta en funcionamento, considérase de especial relevancia para as empresas do sector o dar continuidade o labor iniciado pola OTD.

Nesta fase de consolidación, a OTD centrará os seus esforzos non só en explicar as solucións tecnolóxicas dispoñibles e a importancia e beneficios que se derivan de abordar procesos de transformación dixital, senón, sobre todo, en apoiar a implantación efectiva destes procesos nas empresas e especialmente nas Pemes, como vía necesaria para reforzar a súa produtividade, a súa competitividade, o seu crecemento e a súa internacionalización.

10. ELABORACIÓN DE MATERIAL AUDIOVISUAL RELATIVO Á ELABORACIÓN DE CONSERVAS DE PRODUCTOS DO MAR (REALIDADE VIRTUAL)

Para fomentar o consumo de conservas de peixe e marisco é moi importante informar ós consumidores sobre estes produtos e o seu proceso de elaboración, por iso considérase imprescindible elaborar material audiovisual onde se recolla o proceso de elaboración de conservas. Realizaríase usando a realidade virtual, que permite a inmersión (parcial ou total) na contorna, favorecendo a interese do consumidor ó poder “formar parte” do proceso.

Este material será unha ferramenta útil para promocionar as conservas de peixe e marisco en diferentes foros, eventos, feiras,... tanto de carácter nacional como internacional.



11. PROMOCIÓN DO VALOR PATRIMONIAL E HISTÓRICO DO SECTOR ELABORADOR DE CONSERVAS DE PEIXE E MARISCO (MUSEO ANFACO)

O Museo ANFACO ten como misión a conservación do patrimonio industrial e bibliográfico da industria conserveira de peixes e mariscos e a difusión da súa historia entre todos os cidadáns, vista a través da evolución da organización empresarial que desde 1904 represéntaa. É un espazo cheo de contido onde, a través de obxectos tales como antigas latas, documentos, maquinaria, fotografías... trázase un percorrido polas orixes e a consolidación do sector das conservas de peixes e mariscos. No momento actual o Museo non conta con ningún audiovisual do seu contido e material de difusión. Polo tanto, propónse:

- A elaboración dun audiovisual de promoción do Museo e a súa colección noutros espazos e foros.
- A realización doutro audiovisual didáctico sobre a historia das conservas de peixe e marisco no noso territorio, para o mellor aproveitamento e desenvolvemento das visitas no museo e nos centros escolares.
- Material impreso de difusión.
- Medio de difusión dixital para encadrar o museo no entorno web.

SEGUNDA.- CONDICIÓN ECONÓMICAS.

A Consellería do Mar contribuirá á realización das accións comprendidas no obxecto do presente convenio cunha achega económica, que ten como finalidade compensar a ANFACO-CECOPECA polos gastos nos que incorre como consecuencia de levar a cabo as actuacións obxecto do convenio, cifradas na cantidade de cento corenta e nove mil euros (149.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 2020.15.02.723B.640.0, código de proxecto 2016 00286S, dos presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2020, sendo esta partida económica axeitada para asumir o custo desta acción por considerarse pola súa propia natureza como un activo configurado como un investimento de carácter intanxible que deberá incrementar o valor das políticas públicas acometidas pola Consellería do Mar neste ámbito e que non dará lugar a investimentos reais de carácter material.

As actuacións recollidas no presente convenio son financiáveis, nun 75 %, co Fondo Europeo Marítimo da Pesca (FEMP). Faise constar tamén a elixibilidade da actuación que se pretende a través da contratación que se propón no marco da Prioridade da Unión, Obxectivo e Medida do FEMP: 5.1.3: Medidas de comercialización, prevista no artigo 68 do Regulamento (UE) 508/2014, do 15 de maio. Esta participación farase constar en todas cantas actuacións se realicen ao abeiro deste convenio.

ANFACO-CECOPECA empregará a totalidade da achega económica desta cláusula nas accións derivadas do obxecto deste convenio, non obtendo ningún beneficio económico desta consignación orzamentaria.





Poderanse facer pagos parciais contra da presentación das facturas polos investimentos inmateriais realizados, ás que se xuntarán as memorias de cada actividade e as certificacións actualizadas expedidas por cadansúa administración que acrediten que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e sociais, así como que non ten débedas pendentes contraídas coa administración da Xunta de Galicia. As facturas deberán ser conformadas pola Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica para estes efectos.

Para facer efectivo o último pagamento presentarán a memoria final á que se fai referencia na cláusula terceira seguinte.

TERCEIRA.- OBRIGAS

ANFACO-CECOPECA obrígase a realizar as accións especificadas na cláusula primeira do presente convenio.

No marco do presente convenio, ANFACO-CECOPECA obrígase a facer constar a participación da Consellería do Mar e do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) nas exhibicións publicitarias que teñan lugar no marco deste convenio.

Finalmente presentará diante da Consellería do Mar unha memoria descritiva da realización do obxecto do convenio; así como unha conta de resultados en relación á finalidade do convenio, que abranca todos os gastos e ingresos nos que se incorreu na organización das accións obxecto do convenio.

Ademais; deberá aportar xustificantes dos gastos realizados, que consistirán, de forma xeral, nas facturas desagregadas e demais xustificantes de gasto de valor probatorio equivalente, contratos (de obra ou servizo) e nóminas, detallados o máximo posible. Así mesmo deberá presentar xustificantes de pago referidos as facturas e demais xustificantes de gastos aportados. Os xustificantes bancarios deberán soportar o número de factura ou facturas pagadas no caso de transferencias, así como o beneficiario, importe, emisor e data, entre outros, de tal xeito que se poida seguir a rastrexabilidade da operación xustificada.

CUARTA.- RÉXIME DE PERSOAL

A realización das actuacións previstas neste convenio non levará consigo ningún tipo de relación de carácter laboral entre a Consellería do Mar e as persoas que interveñan ou puideran intervir na súa execución, sendo a ANFACO-CECOPECA responsable das obrigas sociais e laborais que se puideran derivar da contratación, pola mesma, do referido persoal.





QUINTA.- SEGUIMIENTO.

Aos efectos de coidar do cumprimento de estipulado no presente convenio créase unha Comisión de Seguimento do mesmo, que estará composta polo xefe do Servizo de Mercados, en representación da Consellería do Mar, e pola responsable de Promoción de ANFACO-CECOPECA. A dita comisión, que se xuntará a petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para garantir a efectividade do convenio.

Neste senso, ANFACO-CECOPECA atenderá ás indicacións, suxestións e requirimentos que se lle formulen desde a Consellería do Mar en relación co obxecto do presente convenio.

SEXTA.- VIXENCIA.

A vixencia do presente convenio estenderase desde a súa sinatura e ata o 30 de decembro de 2020, non sendo susceptible de prórroga.

SÉTIMA.- RESOLUCIÓN.

Serán causa de resolución do convenio o mutuo acordo das partes e o incumprimento das cláusulas contidas no mesmo.

OITAVA.- CARACTER DO CONVENIO

Este convenio ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público e o seu réxime xurídico virá determinado polas estipulacións previstas no propio convenio e os principios xerais resultantes da citada Lei.

A tramitación do presente convenio é ordinaria e anticipada de gasto e existe crédito suficiente previsto no proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma para o exercicio 2019, aprobado o 17 de outubro de 2019 polo Consello da Xunta, e xustifícase porque é necesario comezar coas actuacións recollidas no convenio nos primeiros meses de 2020. O desenvolvemento do presente convenio queda sometido á condición suspensiva da existencia de crédito axeitado e suficiente para financiar as obrigas derivadas da súa execución.





NOVENA.- LITIXIOS.

As cuestións controvertidas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puideran derivarse da aplicación do presente convenio deberán ser solucionadas pola Comisión de Seguimento á que se refire a cláusula quinta anterior. Se non se puidera alcanzar dito acordo, as posibles cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

DÉCIMA. AUTORIZACIÓN PARA A PUBLICACIÓN DOS DATOS DOS ASINANTES NO PORTAL DE TRANSPARENCIA

Consonte ao establecido nos artigos 12 a 16 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno en concordancia cos artigos 24 e 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no convenio e mais no resto das especificacións contidas no mesmo poidan ser publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

E para que así conste, en proba de conformidade e previa a súa lectura, as partes asinan o presente convenio por triplicado exemplar e a un só efecto no lugar e data ao comezo indicados.

Pola Consellería do Mar

Por ANFACO-CECOPESCA

P.D. (Orde do 8-09-2017, DOG nº 180, do 21-09-2017)

A directora xeral de Pesca, Acuicultura e
Innovación Tecnolóxica


Mercedes Rodríguez Moreda

O secretario xeral


Juan Manuel Veites Baptista de Sousa